

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/02
CARACTER: EXTRAORDINARIO
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 9 DE FEBREIRO DE 2008.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **09 de febreiro de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO, baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad (se incorpora unha vez iniciada a sesión)

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Carlos Pérez Méndez

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez

Interventora:

Dona María José Vázquez Rigueira

Comprobado que se dá o quorum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2008/01/07.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 14 DE XANEIRO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión de data 14 de xaneiro de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

2008/02/08.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2008.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de data 7 de febreiro de 2008, que se transcribe de seguido:

“Dáse conta por parte do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda do expediente de crédito extraordinario incoado para o financiamento da expropiación da EDAR sinalando que as partidas están claras no expediente e que quedan minoradas neses importes.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se pregunta que gastos de persoal eventual se minoraron, respostándose polo Sr. Concelleiro Delegado que foi o Centro de Día e varios custos sociais tamén dese Centro así como de vacantes en Intervención, arquitecto técnico, etc. que non se van utilizar, e fai referencia tamén a outros subministros que se minoran, preguntándose polo Sr. Rivas Álvarez ao Sr. Concelleiro sobre este extremo co que mantén unha deliberación toda vez que o Sr. Rivas manifesta que non dispón da documentación completa, que lle é facilitada polo Sr. Concelleiro Delegado.

Deliberase por partes dos Sres. Concelleiros sobre estas cuestións manifestándose os señores concelleiros do PSOE e de UPRI que se reservan para o Pleno.

De seguido por catro vostos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI) acórdase propoñer como ditame da Comisión Informativa para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta de acordo que se transcribe de seguido:

“En relación co expediente relativo á concesión do crédito extraordinario financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas, en cumprimento da Providencia de Alcaldía de data de 18 de Xaneiro de 2008, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estimar reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

SEGUNDO. Con data de 22 de Xaneiro de 2008, emitiuse o informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e por Intervención informouse favorablemente a proposta de Alcaldía,

LEXISLACIÓN APLICABLE

A.- Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

-Artigos 169, 170 e 172 a 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-Artigos 34 a 38, 49 e 50 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

-Artigos 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Comisión Informativa por catro votos a favor e tres abstencións se eleva ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2008, coa modalidade de crédito extraordinario, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos

Presuposto de gastos 2008

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Gastos de persoal	3.687.464,11	3.651.946,25
2	Gastos en Bens correntes e servizos	2.440.801,22	2.349.455,36
3	Gastos Financieros	141.950,00	141.950
4	Transferencias Correntes	108.435,49	108.435,49
6	Inversións Reais	1.647.856,77	1.647.856,77

7	Transferencias de Capital	256.148,45	256.148,45
8	Activos Financieros	27.811,4	27.811,4
9	Pasivos Financieros	425.267,92	425.267,92

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Iníciase deliberación na que por parte do Sr. Alcalde se manifesta que teñen que facer fronte ao financiamento desta expropiación e que houbo que minorar partidas para elo.

O Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI manifesta que están de acordo e que van votar a favor pero que lles chama a atención e que é curioso que sexa dunha partida de Cultura de case 45.000 euros, o que lles leva a dicir que son gastos que eran prescindibles e pide que no futuro se destinen a investimentos e lles pide que para o futuro teñan esta consideración, e que considera que todos os ribadenses estarán bastante máis satisfeitos en que se gasten dun xeito que se vexa no futuro de Ribadeo.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez manifestando que este punto vai ligado co seguinte punto téndose en conta o xustiprezo que puxo na valoración o arquitecto municipal pero non está de acordo o Grupo de UPRI coa valoración, e dirán o que lles parece no punto seguinte.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que van votar a favor pero que considera que as partidas son insuficientes como explicarán no punto seguinte.

Intervén o Sr. Castro Reigosa como Concelleiro Delegado de Economía e sinala que quere contestar ao Sr. Rivas Álvarez respecto á mención efectuada ás partidas de Cultura que se minoran, que non eran prescindibles no presuposto anterior, e neste momento son partidas que no prorrogado non teñen necesidade de gasto, e ao mellor no novo presuposto de 2008 si que haberá que incrementalas, e fala da posibilidade de recoñecementos

O Sr. Rivas Álvarez preguntalle se se refire a recoñecemento extraxudicial e o Sr. Castro Reigosa manifesta que si.

De seguido polo Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2008, coa modalidade de crédito extraordinario, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos

Presuposto de gastos 2008

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Gastos de	3.687.464,11	3.651.946,25

	persoal		
2	Gastos en Bens correntes e servizos	2.440.801,22	2.349.455,36
3	Gastos Financieros	141.950,00	141.950
4	Transferencias Correntes	108.435,49	108.435,49
6	Inversións Reais	1.647.856,77	1.647.856,77
7	Transferencias de Capital	256.148,45	256.148,45
8	Activos Financieros	27.811,4	27.811,4
9	Pasivos Financieros	425.267,92	425.267,92

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

2008/03/09.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACION DE TERREOS PARA A CONSTRUCCION DA FUTURA EDAR DE RIBADEO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 7 de febreiro de 2008, que di textualmente:

“Por parte do Sr. Alcalde dáse conta da insistencia da Consellería de Medio Ambiente e da Empresa de Augas de Galicia para que se faga entrega dos terreos.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista pregunta na Comisión se foi unha xestión do goberno anterior, deliberándose sobre a cuestión e manifestando o Sr. Rodríguez Andina que se trata de Directivas comunitarias e dun proxecto que foi aprobado sendo Conselleiro don José Manuel Barreiro.

Por parte do Sr. Alcalde sinálase que se pediu que se informara por parte do Medio Ambiente sobre o lugar óptimo, e que é donde vai facerse e prosegue explicando as xestións efectuadas e que pensaban que tiñan unanimidade pero houbo algo e non se conseguiu.

Tamén polo Sr. Alcalde se explica a valoración efectuada.

O Sr. Pérez Vacas pregunta se se respectou o prezo pagado por Pescanova na zona, contestándose polo Sr. Alcalde que hai que defender o interese público procedendo a explicar o sistema de valoración efectuado e que considera xustificado o proxecto.

Toda vez que así se pide polos membros da Comisión por Secretaría se explica en sintese o procedemento establecido para a expropiación que deberá ser obxecto de acordo de urxente ocupación por parte do Consello da Xunta, unha vez rematado o procedemento que se inicia.

O Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI pola súa parte pregunta se hai algún acordo e o Sr. Pérez Vacas canto ofreceu o Concello, contestándose por parte do Sr. Alcalde que o mesmo.

Deliberase sobre a valoración facéndose referencia por parte do Sr. Duarte Díaz á evolución que tivo o prezo pagado polos terreos do aparcadoiro que se iniciou a 1000 ptas./m² e chegaronse a pagar 5.000 ptas., sinalando o Sr. Rodríguez Andina que houbo unha valoración incorrecta por parte do técnico municipal naquel momento.

De seguido pola Comisión informativa á vista da proposta da Alcaldía por dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular, PSOE e UPRI) que manifestan que se reservan para o Pleno propoñe a adopción polo Pleno Municipal do acordo seguinte:

“ PROPOSTA DE ACORDO INICIAL DE EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DE “TERREOS PARA A CONSTRUCCION DA FUTURA EDAR DE RIBADEO”.

“Existindo o compromiso por parte da Consellería de Medio Ambiente, da Empresa Pública de Obras e Desenvolvementos Hidráulicos, de executa-lo proxecto dunha EDAR en Ribadeo”, sempre que o Concello poña a disposición os terreos afectados;

Visto o acordo plenario de 12 de marzo de 2007 en relación ao asunto no que o Concello por unanimidade adoptou o acordo de comprometerse a entrega dos terreos e auga necesarios para execución das obras así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Considerando que segundo o disposto no art. 10 da LEF e 293 da Lei de Administración Local de Galicia a inclusión dunha obra no plano de obras municipal implica a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación a efectos expropiatorios.

Considerando que para garantir nun breve prazo o fin de interese público que se deriva da execución das obras compre se efectúe unha declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, declaración que corresponde ao Concello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto da Autonomía de Galicia.

Considerando necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto polo carácter de actuación medioambiental, diante da necesidade de garantir un servizo básico como é a depuración cumprindo as normativas de dereito comunitario nos prazos previstos para as mesmas, e impedindo que se produza un deterioro para o Medio Ambiente natural polo incremento dos vertidos sen unha depuración axeitada.

Considerando que trátase dunha obra de interese público cuxa execución resulta necesaria e urxente

PROPOÑO Que o Concello Pleno previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte acordo:

1º. Inclusión do proxecto de execución da EDAR no termo municipal de Ribadeo, a executar pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 sometendo este acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito proxecto e a tal efecto someter a relación dos mesmos, que de seguido se transcribe,

a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedará condicionada á aprobación definitiva do punto anterior.

PARCEL A N°	TITULAR CATASTRAL	TITULAR REXISTRAL	DOMICILIO	D.N.I.	POLÍGONO	PARCEL A	SUP. PARCELA	SUP. OCUPADA
1	José M ^a Rguez.Saavedra	José M ^a Rguez.Saavedra	R.González, 24-26,4° B 27700 Ribadeo	76558532L	3	708	2040	2040
2	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo	33732421T	3	709	4355	3677
3	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo	33732421T	3	710	2985	2463
4	Comunidade Autónoma de Galiza	Comunidade Autónoma de Galiza	San Caetano s/n Santiago de Compostela	-----	3	711	1860	1860
5	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	Celestina e Francisco José Rguez.Martínez	O Espín, Vilaselán 27710 RIBADEO	76546970	3	712	5010	5010
6	Justo Barcia Vidal	Justo Barcia Vidal	Eirexa, 2 27710 Vilaselán	33767095J	3	713	5430	5430

3°.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4°.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase deliberación intervirando en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez que manifesta que en primeiro lugar quere saber porque se chegou a esta situación e si fracasou a negociación como parece, e que a valoración que se ten feito de terreos próximos é bastante superior tamén á valoración do técnico municipal, non mui superior xa que pagaron a 7 euros /m² e o técnico valora en 6 euros/m², pero non están de acordo con que se expropie e se vaia con métodos imperativos a negociar cos veciños nin que se fagan as cousas por Decreto e que considera que a negociación é o mais bonito que hai e na negociación teñen que ceder ambas dúas partes, e que como vai haber un prazo para reclamar e supón que os veciños reclamarán durante eses quince días de exposición pública pediríalle ao Alcalde que aceptase o prezo dos terreos colindantes, xa que o asunto vai ter que voltar ao Pleno e terán que manifestarse todos e que entende que será a postura máis ecuánime e que hoxe nese punto UPRI vaise abster tendo en conta que vai haber un período de reclamacións.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que collendo un pouco as palabras do Sr. Alcalde o seu Grupo está a favor do interese xeral e

especialmente se coincide cos veciños e que vaia por diante que entenden que a obra é positiva e necesaria para cumprir a normativa europea e que ademais se trata da Consellería de Medio Ambiente e dun tema que ven de atrás e que se vai acometer, que está ahí, e que é un investimento importantísimo que supera os cinco millóns de euros e que é unha obra que o Concello debe acometer e que están a favor da mesma pero sobre todo cree que se debe continuar dialogando cos veciños para que se chegue a un acordo donde todas as partes queden satisfeitas e que se acometa a obra.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se sinala que pouco máis teñen que dicir, e que a obra é moi importante, e que leva retraso, porque como xa se falaba na Comisión estando presente o anterior Alcalde foi presentado fai catro ou cinco anos o proxecto que non era so desta depuradora senón dunha actuación integral por todo o Concello e por iso creen que non se pode demorar máis; por outra parte parece ser que no entorno hai unha valoración distinta pero lles gustaría ver a documentación que o demostré xa que hai determinadas negociacións que se poden facer entre empresas e propiedade que non se poden facer desde unha Institución e que será bo se existe, ese documento oficial de mais de 6 euros/m², xa que seguro que o Xurado de Expropiación o vai asumir, 7 en vez de 6, xa que é así como actúa, e non cree que haxa ningún tipo de prexuízo para os propietarios, pero si ese documento aparece, igual e bo que desde o propio Concello e durante o período de exposición pública se retomen as conversas sempre e cando esa valoración exista; manifesta así mesmo o Sr. Rodríguez Andina que van votar a favor polo interese da obra con estas cautelas de que ata donde se poida se arranxe, mais que nada por imaxe de diálogo e de levar as cousas polas boas, porque se se chega á conclusión de que vai ser así porque non adiantalo.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde que manifesta que tampouco se desvían demasiado da postura dos demais grupos pero teñen a súa propia posición e tamén respecto ao método que se utiliza non foi por decreto e é agora cando se leva ao Pleno e que se hai alegacións voltará ao Pleno e por Decreto non se está facendo nada.

Por parte do Sr. Alcalde así mesmo se sinala que respecto a dialogar, diálogo e fai referencia á xente que está presente na sesión e que pode acreditarlo, e que dialogaron de boa fe e de maneira aberta, e que hai unha diferenza de interpretación que é a que motivou que se leve a Pleno un expediente de expropiación, que senón houberan feito unha compravenda amistosa.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que sobre a circunstancia de que alí cerca se fixera unha compravenda, que pode ser menos ou mais, pero tamén lles consta de que se se compraron a mais houbo pagos en A e en B e a Administración, como se dixo fai un momento, so pode pagar en A e non debe nin pode pagar doutra maneira, nin facer outro tipo de contraprestacións.

Manifesta así mesmo o Sr. Alcalde que se se atañen non ao que o Concello pagou en 1995 nin no 2000 senón na actualidade, poñendo como exemplo os terreos de A Vilavella, son a puco máis de 2 euros e fai referencia tamén ás obras de Os Castros - Illas que están a pouco mais de 4 euros/m², e que se se atañen tamén á intención de Costas de comprar o tramo de terreos entre As Catedrais e as Illas a un máximo de 6 euros/m², e se se atañen á valoración do técnico municipal que valora como máximo eso, agás nun caso en que existen plantacións, non teñen porque, en principio, dicir o contrario, e teñen que aceptar a valoración do técnico municipal, que casualmente é do mais alto que o Concello ten fixado para terreos similares, e volta o Sr. Alcalde a facer mención de terreos adquiridos na franxa costeira.

Sinala que tamén cando se expropiou en Rocas Blancas foi menos e que aínda que lle poden dicir que eso non foi nin no 2006, 2007 nin no 2008, pero acaba de poñer exemplos de agora mesmo, e que comparten todos a idea de poñer os terreos o antes posible a disposición da Xunta, pero que tamén como Goberno teñen que defender o interese público e que non vale iso de “total por un pouco” e se tecnicamente non pode ser mais non será mais e se ten que ser será, e sempre con criterios obxectivos e que non son representantes dos veciños dunha parroquia senón de todas e non lles quere explicar aos de unha porque nunha se paga un prezo e noutra non, e que son terreos de Costas iguais e afectados pola mesma normativa e que serve para pouco mais que para valor paisaxístico, aquí agora e no futuro.

Conclúe o Sr. Alcalde que vai haber dous procesos de aquí en adiante, que se aproba inicialmente, que se resolven as posibles alegacións e terá que vir a Pleno e en todo caso aínda que o Pleno perseverase na valoración do informe técnico a ecuanimidade está garantizada polo Xurado Provincial de Expropiación que determinaría o xustiprezo e que tampouco son quen para saber o que vai decidir o Xurado, e que pola súa parte ten as súas dúbidas por moito que se diga que ao lado houbo outras valoracións e pon o exemplo de operacións que se fixeron cerca das Catedrais, e o Xurado Provincial non cambiou a súa idea, e a distancia dunhas fincas a outras era ben pequena.

Remata manifestando que en todo caso agradece a todos os criterios expostos.

De seguido polo Pleno municipal, por dez votos a favor (dos membros presentes dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros de UPRI) acórdase:

1º. Inclusión do proxecto de execución da EDAR no termo municipal de Ribadeo, a executar pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 sometendo este acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito proxecto e a tal efecto someter a relación dos mesmos, que de seguido se transcribe, a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedará condicionada á aprobación definitiva do punto anterior.

PARCEL A N°	TITULAR CATASTRAL	TITULAR REXISTRAL	DOMICILIO	D.N.I.	POLÍGONO	PARCEL A	SUP. PARCELA	SUP. OCUPAD A
1	José M ^a Rguez.Saavedra	José M ^a Rguez.Saavedra	R.González, 24-26,4º B 27700 Ribadeo	76558532L	3	708	2040	2040
2	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo	33732421T	3	709	4355	3677
3	Pedro Otero Gómez	Pedro Otero Gómez	Eirexa, 16 Vilaselán 27700 Ribadeo	33732421T	3	710	2985	2463
4	Comunidade Autónoma de Galiza	Comunidade Autónoma de Galiza	San Caetano s/n Santiago de Compostela	-----	3	711	1860	1860
5	Celestina e Francisco José Rguez. Martínez	Celestina e Francisco José Rguez.Martínez	O Espín, Vilaselán 27710 RIBADEO	76546970	3	712	5010	5010
6	Justo Barcia Vidal	Justo Barcia Vidal	Eirexa, 2 27710 Vilaselán	33767095J	3	713	5430	5430

3º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade có disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

2008/04/10.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A SUBMINISTROS DE AGUAS DA REDE MUNICIPAL DE RIBADEO A USUARIOS DO CONCELLO DE TRABADA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 7 de febreiro de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta por Secretaría da tramitación e acordos obrantes no expediente correspondentes ao Concello de Trabada, segundo certificación de acordo de 5 de decembro de 2007 do Concello de Trabada en relación a escritos previos deste Concello e a petición efectuada pola empresa concesionaria dun acordo do mes de xaneiro para poder efectuar as altas na subministración de auga.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2008 adoptada por razóns de urxencia que se transcribe de seguido:

“RESOLUCION DA ALCALDÍA POR RAZONS DE URXENCIA RELATIVA A SUBMINISTROS DE AUGA DA REDE MUNICIPAL DE RIBADEO A USUARIOS DO CONCELLO DE TRABADA.

Pola Alcaldía-Presidencia, á vista do escrito de 22 de xaneiro de 2008 da empresa AQUAGEST na súa calidade de concesionaria dos servizos municipais de subministro de auga, no que se manifesta que o Concello de Trabada adoptou un acordo de conformidade a que se efectúe a alta a nome dese Concello dos contadores xerais que subministran actualmente a varias asociacións de augas de Trabada e as altas dos contadores individuais dos veciños.

Visto o acordo plenario do Concello de Trabada de 5 de decembro de 2007 polo que se presta conformidade os seguintes extremos:

- a) A que o Concello de Ribadeo e a empresa AQUAGEST como concesionaria do servizo de subministro de auga efectúen as altas dos usuarios individuais do Concello de Trabada nos núcleos de Vilarbetote, Sante, A Rabexa, Pedrido, Pacios, San Martiño e Vilafernando.
- b) Conformidade a que se dea de alta o Concello de Trabada como usuario para os contadores xerais dos núcleos antecitados, facturándoselle a este a diferenza entre a auga rexistrada do contador xeral e a suma dos rexistros dos contadores individuais dependentes daquel.
- c) Que o mantemento da rede de trabada corresponderá ao Concello de Trabada.
- d) Que o acordo terá efectos do 1 de xaneiro de 2008 e ata que o Concello de Trabada asuma por si mesmo a prestación do servizo de subministro de auga.

Vista a conformidade da empresa subministradora que manifesta que o proceso de altas dos contadores individuais require un tempo para a súa incorporación ao sistema de facturación de AQUAGEST e se solicita o acordo do Concello para comezar o proceso de altas a ser posible antes de finais de xaneiro.

En exercicio das atribucións da Alcaldía por razóns de urxencia aínda en materias de acordo de competencia plenaria, por razóns de urxencia, a que se refire o artigo 21 . 1 .k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

RESOLVO, con efectos da data da presente resolución:

1º. Autorizar que pola Empresa AQUAGEST se efectúen as altas dos usuarios individuais do Concello de Trabada nos núcleos de Vilarbetote, Sante, A Rabexa, Pedrido, Pacios, San Martiño e Vilafernando.

2º. Autorizar a alta do Concello de Trabada como usuario para os contadores xerais dos núcleos antecitados, facturándose a este a diferenza entre a auga rexistrada do contador xeral e a suma dos rexistros dos contadores individuais dependentes daquel.

3º. A aceptación de que o mantemento da rede de Trabada corresponda a ese Concello.

4º. Dar traslado da presente resolución á Empresa AQUAGEST e ao Concello de Trabada aos efectos procedentes.

5º. A dación de conta para súa ratificación ao Pleno municipal na primeira sesión que se celebre.”

Pola Comisión informativa por unanimidade de todos os seus membros, en votación ordinaria, se acorda propoñer a ratificación polo Pleno Municipal da antecitada Resolución da Alcaldía.”

Polo Pleno municipal sen promoverse deliberación, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, de conformidade co disposto no artigo 21 . 1 k) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, acórdase a ratificación da Resolución da Alcaldía antecitada.

2008/05/11.- RENUNCIA DE D. CARLOS PÉREZ MÉNDEZ AO CARGO DE CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

Visto o escrito de 31 de xaneiro de 2008 de don Carlos Pérez Méndez, DNI 34254351-Z polo que formula renuncia ao cargo de Concelleiro desta Corporación municipal que ostentaba polo Partido do Socialistas de Galicia-PSOE desde o pasado 16 de xuño de 2007.

Visto así mesmo que con data 6 de febreiro de 2008 estendeuse unha acta de comparecencia polo referido Sr. Concelleiro na que manifesta a liberdade, a ausencia de coacción e irrevogabilidade da renuncia formulada e que non pensa asistir ao Pleno en que se dea coñecemento da mesma. Consta así mesmo que foi convocado á presente sesión.

Obra no expediente informe do Secretario da Corporación ao Pleno, do disposto no artigo 19.1 b) da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e da Instrución da Xunta Electoral Central de 19 de xullo de 1991 que sinala o que se transcribe literalmente:

“1º. Cando se presente o escrito de renuncia ou se produza o falecemento ou outro suposto de perda de cargo de (...) concelleiro (...) o Pleno da entidade local da que forma parte tomará coñecemento da mesma remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, indicando o nome da persoa que a xuízo da Corporación corresponde cubri-la vacante. 2º. No suposto de que a persoa chamada a cubri-la vacante renuncie á súa vez a ser proclamado electo, haberá así mesmo de remitirse á Xunta electoral competente o escrito de renuncia presentado, para a súa toma de coñecemento por esta e proceder en consecuencia. 3º. Recibida a certificación da Corporación Local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral Central expedirá a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubri-la vacante producida, credencial que se remitirá á Corporación Local da que aquel forme parte. A Corporación Local notificará de xeito que faga fe ao interesado a recepción da credencial, aos efectos establecidos pola normativa de réxime local.”

De seguido a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. A toma de coñecemento da renuncia formulada por don Carlos Pérez Méndez, DNI 34254351-Z, ao cargo de Concelleiro, formulada por escrito do día 31 de xaneiro de 2008 e ratificada ante o Secretario do Concello con data 6 de febreiro de 2008.

2º. Solicitar se proceda á substitución conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, expedíndose a credencial correspondente a favor do membro seguinte da lista do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, como persoa á que corresponda cubri-la vacante a tenor da renuncia formulada.

3º. A remisión do presente acordo xunto con copias dos escritos de renuncia correspondentes á Xunta Electoral Central.

2008/06/12.- SORTEO PARA ELECCIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 9 DE MARZO DE 2008.

De xeito previo a Corporación, acorda por unanimidade dos seus membros presentes, realizar o sorteo mediante o programa informático existente e cos datos do censo electoral facilitados ao efecto pola Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística en Lugo, determinando as limitacións legais respecto á idade mínima e máxima, 18 e 65 anos respectivamente, o nivel de estudos esixido en función do posto e incluíndo ademais como limitación a imposibilidade de que distintos membros dunha mesma unidade familiar resulten eleixidos nin os membros da Corporación actual nin os funcionarios municipais que teñan encomendadas labores no proceso electoral que lles ocupen o día das eleccións, así como de ser o caso aquelas persoas que conste forman parte das candidaturas neste termo municipal para as eleccións xerais do 9 de marzo de 2008.

Procédese de seguido a realiza-lo sorteo de acordo coas anteriores regras obtendose o seguinte resultado:

Sección 1ª Mesa A

1.er APELLIDO 1º APELIDO	2.º APELLIDO 2º APELIDO	NOMBRE NOME	CARGO EN LA MESA CARGO NA MESA
IGLESIAS	GARCIA	JOSE JAVIER	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
DÍAZ	FERNANDEZ	MARIA JESUS	1.er VOCAL 1º VOGAL
FRAGA	IGLESIAS	MARIA EDELMIRA	2.º VOCAL 2º VOGAL
FERNANDEZ	ÁLVAREZ	FLORENTINO	PRESIDENTE/A 1.er Suplente <i>PRESIDENTE/A 1. Suplente</i>
ALONSO	ESPINA	MARIA ISABEL	PRESIDENTE/A 2.º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
FERNANDEZ	BERMUDEZ	MARIA DEL ROCIO	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
CARBAJALES	ÁLVAREZ	JAVIER	1.er VOCAL 2.º

			Suplente 1º VOGAL 2º Suplente
FERNANDEZ	AMOR	RAFAELA	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOGAL 1º. Suplente
GONZALEZ	CERDEIRA	FRANCISCO	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOGAL 2º Suplente

Sección 1ª Mesa B

MONTES	LAZARE	MARIA DOLORES	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
RIVAS	LOPEZ	M OLGA	1.er VOCAL 1º VOGAL
LOPEZ	GARCIA	AVELINO	2.º VOCAL 2º VOGAL
YANES	RIVAS	VANESSA	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
SOBRADO	RODRÍGUEZ	AURORA	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
RIOPEDRE	PERNAS	HUGO	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOGAL 1º Suplente
LOPEZ	CASAL	DAVID	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOGAL 2º Suplente
TELLA	FERNANDEZ	ANTONIO	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOGAL 1º. Suplente
YAÑEZ	GUERRA	M TERESA	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOGAL 2º Suplente

Sección 2ª Mesa A

GONZALEZ	DIEZ	ROSA ANA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
INSÚA	MARTÍNEZ	LUIS ANGEL	1.er VOCAL 1º VOGAL
GONZALEZ	GARCIA	JUAN CARLOS	2.º VOCAL 2º VOGAL
BERMEJO	PALOMINO	CANDIDA	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
GONZALEZ	RODRÍGUEZ	ALICIA	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
ÁLVAREZ	GONZALEZ	MARÍA MERCEDES	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOGAL 1º Suplente
FERNANDEZ	LOPEZ	JOSE	1.er VOCAL 2.º

			Suplente 1º VOCAL 2º Suplente
FERNANDEZ	MARTÍNEZ	ROSA AZUCENA	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1º. Suplente
COTO	OTERO	EVA	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Sección 2ª Mesa B

LOPEZ	RICO	MIGUEL	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
VIZOSO	FRAGA	JOSE MIGUEL	1.er VOCAL 1º VOCAL
VALLE	IGLESIAS	CELSO	2.º VOCAL 2º VOCAL
LAMAS DE	PEREZ	ALVARO	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
MENDEZ	MENDEZ	MANUEL	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
OVIDE	SANTAMARINA	MARIA SERVANDA	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOCAL 1º Suplente
MOLEJON	SIERRA	DAVID ANGEL	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOCAL 2º Suplente
MARQUES	ESPINA	MARIA LUISA	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1º. Suplente
SÚAREZ	SOTO	MARIA ROSA	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Sección 3ª Mesa A

ACEVEDO	ARRUÑADA	JOSE ANTONIO	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
GOMEZ	PEREZ	MANUELA	1.er VOCAL 1º VOCAL
CASTRO	GUTIERREZ	ROSA MARIA	2.º VOCAL 2º VOCAL
HERNANDEZ	MENDEZ	LUIS	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
CALLEJA	DÍAZ	LORENA	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
GASALLA	MARTÍNEZ	ROBERTO	1.er VOCAL 1.er

			Suplente 1º VOCAL 1º Suplente
FREIJE	LOPEZ	TANIA	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOCAL 2º Suplente
DOCAMPO	SOTO	ESTER	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1º. Suplente
GARCIA	DÍAZ	M LUISA	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Sección 3ª Mesa B

QUELLE	PEDREIRA	VANESSA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
MARTÍNEZ	RODRÍGUEZ	ANTONIO	1.er VOCAL 1º VOCAL
LASTRA	LOPEZ	RAMIRO	2.º VOCAL 2º VOCAL
RODRÍGUEZ	DACAL	MARIA LUISA	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
TORVISO	BERDEAL	FRANCISCO JAVIER	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
LOMBARDÍA	RODRÍGUEZ	CRISTINA	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOCAL 1º Suplente
MEL	VILLAPOL	MANUEL	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOCAL 2º Suplente
RAMOS	DEBEN	CONCEPCION	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1º. Suplente
PEREZ	LOPEZ	ANTONIO	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Sección 4ª Mesa A

BEVIA	VILLALBA	HERMINIA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
ORDIERES	PRIETO	ANA MARIA	1.er VOCAL 1º VOCAL
GARCIA	FERNANDEZ	MARIA JOSEFA	2.º VOCAL 2º VOCAL
ÁLVAREZ	PEREZ	OSCAR	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
FERNANDEZ	RODRÍGUEZ	SANDRA MARIA	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
MOURELLE	VACAS	JUAN JOSE	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOCAL 1º Suplente

VAZQUEZ	GONZALEZ	ESTHER	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOGAL 2º Suplente
LOPEZ	FERNANDEZ	RICARDO	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOGAL 1º. Suplente
DÍAZ	PEREIRA	JOSE MARIA	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOGAL 2º Suplente

Sección 4ª Mesa B

CALVIN	QUINTANA	JUAN CARLOS	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
OTERO	SAMPAYO	MANUEL	1.er VOCAL 1º VOGAL
PAEZ	IRAVEDRA	VANESA	2.º VOCAL 2º VOGAL
FERNANDEZ	SOBRADO	CELIA	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
JUSTO	PEREZ	EMILIO JOSE	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
MARTÍNEZ	ALONSO	ANTONIO	1.er VOCAL 1.er Suplente 1º VOGAL 1º Suplente
FERNANDEZ	FERNANDEZ	RUBEN	1.er VOCAL 2.º Suplente 1º VOGAL 2º Suplente
GOMEZ	RICO	MARIA JOSE	2.º VOCAL 1er. Suplente 2º VOGAL 1º. Suplente
DÍAZ	MARTÍNEZ	JOSEFA PERFECT	2.º VOCAL 2.º Suplente 2º VOGAL 2º Suplente

Sección 5ª Mesa A

BARREIRA	SALGADO	MARIA TERESA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
FERNANDEZ	MARTÍNEZ	ANA MARIA	1.er VOCAL 1º VOGAL
PALMEIRO	RODRÍGUEZ	MARIA DOLORES	2.º VOCAL 2º VOGAL
SANCHEZ	GARCIA	MANUEL	PRESIDENTE/A 1.er Suplente PRESIDENTE/A 1. Suplente
CALONGE	LASTRA	HILARIO JOSE	PRESIDENTE/A 2.º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente

RODRÍGUEZ	MENCIA	CONSTANTINO	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
GARCIA	CASTIÑEIRA	MARIA LUISA	1.er VOCAL 2.º Suplente <i>1º VOGAL 2º Suplente</i>
MARTÍNEZ	FERNANDEZ	ANA MARIA	2.º VOCAL 1er. Suplente <i>2º VOGAL 1º. Suplente</i>
PEREZ	RODRÍGUEZ	ELENA	2.º VOCAL 2.º Suplente <i>2º VOGAL 2º Suplente</i>

Sección 5ª Mesa B

GONZALEZ	RAÑON	JOSE	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
GONZALEZ	RIO DEL	M.DOLORES	1.er VOCAL 1º VOGAL
FERNANDEZ	RAMOS	DÍANA MARIA	2.º VOCAL 2º VOGAL
LOPEZ	RIO DEL	FLORA	PRESIDENTE/A 1.er Suplente <i>PRESIDENTE/A 1. Suplente</i>
FERNANDEZ	RODRÍGUEZ	EMILIO RAMON	PRESIDENTE/A 2.º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
RODRÍGUEZ	PENABAD	JESUS	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
OROZA	CASTRO	ANTONIA	1.er VOCAL 2.º Suplente <i>1º VOGAL 2º Suplente</i>
GONZALEZ	FERNANDEZ	MARIA SOLEDAD	2.º VOCAL 1er. Suplente <i>2º VOGAL 1º. Suplente</i>
FRAGA	RIO	COSME JESUS	2.º VOCAL 2.º Suplente <i>2º VOGAL 2º Suplente</i>

Sección 5ª Mesa C

REIGOSA	EXPOSITO	MERCEDES	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
FERNANDEZ	RAMOS	JORGE JUAN	1.er VOCAL 1º VOGAL
RODRÍGUEZ	MARTÍNEZ	BEATRIZ	2.º VOCAL 2º VOGAL
RODRÍGUEZ	RIOPEDRE	MARIA DOLORES	PRESIDENTE/A 1.er Suplente <i>PRESIDENTE/A 1. Suplente</i>
MUIÑA	VEIGA	EMERITA MARIA	PRESIDENTE/A 2.º

			Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
REY	LOPEZ	JOSE RAMON	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
CASTRO	DOCOBO	MARIA CARMEN	1.er VOCAL 2.º Suplente <i>1º VOGAL 2º Suplente</i>
SAAVEDRA	COTARELO	SALOME JOSE	2.º VOCAL 1er. Suplente <i>2º VOGAL 1º. Suplente</i>
GARCIA	FERNANDEZ	ANTONIO	2.º VOCAL 2.º Suplente <i>2º VOGAL 2º Suplente</i>

Sección 6ª Mesa A

FERNANDEZ	FERNANDEZ	MARIA BEGOÑA	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
RODRÍGUEZ	FERNANDEZ	JOSE ANGEL	<i>1.er VOCAL 1º VOGAL</i>
ESPIÑEIRA	GUTIERREZ	M REMEDIOS	2.º VOCAL <i>2º VOGAL</i>
VALDES	FERNANDEZ	ROSA CARMEN	PRESIDENTE/A 1.er Suplente <i>PRESIDENTE/A 1. Suplente</i>
FERNANDEZ	RIFON	MARIA JOSE	PRESIDENTE/A 2.º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
LOPEZ	NAVARRO	CECILIO	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
LOPEZ	VALE	M.DOLORES	1.er VOCAL 2.º Suplente <i>1º VOGAL 2º Suplente</i>
RODRÍGUEZ	BALSA	ADELAIDA	2.º VOCAL 1er. Suplente <i>2º VOGAL 1º. Suplente</i>
LOPEZ	VILAR	SONIA	2.º VOCAL 2.º Suplente <i>2º VOGAL 2º Suplente</i>

Sección 6ª Mesa B

FERNANDEZ	TEIJEIRO	ALMUDENA	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
FERNANDEZ	LEIRAS	MARIA JOSEFA	<i>1.er VOCAL 1º VOGAL</i>
RODRÍGUEZ	FERNANDEZ	CARMEN ALICIA	2.º VOCAL <i>2º VOGAL</i>
AMOR	ÁLVAREZ	EMILIO	PRESIDENTE/A 1.er Suplente <i>PRESIDENTE/A 1. Suplente</i>
LOPEZ	LASTRA	JESUS	PRESIDENTE/A 2.º Suplente

			<i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
COTARELO	QUINTANA	JESUS	1.er VOCAL 1.er Suplente <i>1º VOGAL 1º Suplente</i>
CONDE	FERNANDEZ	M DOLORES	1.er VOCAL 2.º Suplente <i>1º VOGAL 2º Suplente</i>
VILLAMEITIDE	DÍAZ	MARIA DOLORES	2.º VOCAL 1er. Suplente <i>2º VOGAL 1º. Suplente</i>
RODRÍGUEZ	GONZALEZ	M. DEL PILAR	2.º VOCAL 2.º Suplente <i>2º VOGAL 2º Suplente</i>

Sendo as dez horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión extendendose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,